FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO
Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - **CIF G36630259**

DEPORTE GALEGO

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO QUE TIVO LUGAR DE FORMA TELEMÁTICA, O DÍA 27 DE XUÑO DO 2024.

Acta n.º 34

ASISTENTES:

PRESIDENTE DA FGM
López Sánchez, Alejandro

SECRETARIO XERAL DA FGM
González Iglesias, Carlos

VOGAIS DA FGM
Trueba Gayol, Marta
Bulnes Fraga, Rocío
Louro Fuentes, Alfonso
Gómez-Reino Varela, Antón
Freixeiro Cameselle, Xosé Enrique
Cancelo Barbeito, Fernando
Vázquez Fariña, María del Pilar

1. Saúdo e benvida do presidenta da FGM.

O presidenta ás 21.00 h comeza a reunión, recordando a importancia da confidencialidade dos asuntos que se debatenen Xunta Directiva (XD) e agradece a asistencia de todos e todas. Posteriormente anima a cada un dos asistentes a presentarse e nomea ao resto de vogais que por motivos persoais non pudieron asistir a esta primeira reunión da nova XD da FGM. Ademais explica que, polo momento, non contamos con vogal de barrancos, pero advirte que non é una cuestión que preocupe demasiado de momento pola súa urxencia, e que se tratará de buscar no seu debido momento a persoa máis adecuada para levar á vogalía.

2. Cuestións importantes de índole administrativa.

O presidente pon en coñecemento de toda a XD unha serie de cuestión de carácter administrativo, para a súa aprobación pola XD:

- Certificado Xunta Directiva FGM: O Presidente comenta que xa temos o certificado da Xunta co nomeamento de todas as perosas que integran a nova Xunta Directiva da Federación Galega de Montañismo. Advirte ademais que contará con dúas Vicepresidencias, que recaen nas perosas de Fernando Fernández Rey e Marta Trueba Gayol. O presidente comenta aos asistentes que lles pasará un documento para que sexa asinado electrónicamente por todos os membros da XD.
- Cambio de horario de oficina da Federación Galega de Montañismo: O Presidente comenta as conclusión ás que chegou tras reunirse co persoal con contrato da FGM, María Isabel Alonso Otero (Responsable de Administración da FGM) e José Manuel Pérez Prego (Director Técnico da FGM). A partires do 1 de xullo o horario de atención presencial na oficina da FGM será de luns a venres de 8.00 a 15.00 e as tardes dos martes e dos mércores. Así mesmo o mes de Agosto será de vacacións para os traballadores, polo que a oficina permanecerá pechada, quedando habilitado un teléfono de urxencias.

  Marta Trueba apunta que otras federacións seguen a mesma liña de traballo e Alfonso Louro e Fernanado Cancelo comentan que é o mais correcto. Así mesmo, Enrique Freixeiro advirte da importancia de deixarllo claro a todos os clubs, para que poidan ter tempo de tramitar licencias antes de agosto. O Presidente comenta que antes do 1 de xullo os clubs recibirán un comunicado advertindo desta situación así como a habilitación dos teléfonos de urxencia da FGM e de AON polo tema do seguro en caso de accidentes.

- Subvención Corresponsables. O Presidente explica a todos os asistentes en qué consiste esta subvención e comenta que o Director Técnico está elaborando un proxecto para presentar na Xunta de Galicia para que nos concedan hasta un máximo de 75.000 euros que despóis se repartirán entre os clubs que manifestaron o seu interese en presentar proxectos de actividades para levar a cabo durante o período comprendido entre agosto e novembro de 2024. Nos próximos días quedará todo presentado xa que hai que agora mesmo estamos en fase de axustes das actividades presentadas polos clubs.
- Correos electrónicos corporativos: O Presidente comenta que todos os membros da XD teñen habilitado o seu correo corporativo, e que nos próximos días o informático habilitará a firma dos mesmos para que todos os correos segan a mesma liña corporativa.
- Modificación dos Orzamentos 2024: Marta Trueba, tesoureira da FGM presenta o orzamento que elaborou seguindo á derradeira proposta da anterior XD, con lixeiras diferencias, xa que agora veñen agrupadas as partidas en función das distintas áreas da FGM, así como unha clara comparativa entre ingresos e gastos.

  Ademais quitouse a provisión da subvención de corresponsables e a da contratación dunha terceira persoa para a a oficina. Por el contrario incorporouse una provisión para facer una auditoría de contas a data de entrada da nova XD da FGM.
- Convenio colaboración FGM-Turgalicia: O Presidente e Rocío Bulnes asistirñan a una reunión o vindeiro 18 de xullo para tratar de sacar adiante as acción con Turgalicia, que sen dúbida serán beneficiosas para a nosa federación.
- Posibilidade de asinar un contrato coa Universidade para que o alumnado de INEF dos campus de Coruña e/ou Pontevedra, poidan facer as súas prácticas na FGM: O Presidente comenta que está en conversacións cos responsables das Universidades.

Todas as cuestión plantexadas neste punto foron aceptadas e aprobadas por todos os asitentes.

3. Debate de propostas para mellorar a comunicación da FGM.

O Presidente advirte de que é moi necesario mellorar a comunicación da FGM e propón empezar por mellorar a páxina web, que a día de hoxe non é atractiva e a información nela está moi desordenada, e mellorar o tratamento da información en RRSS. Todos os asistentes manifestan o seu acordo e a necesidade clara de melloar neste aspecto comunicativo. Se presentarán varios presupostos para a páxina web e para a figura de Community Manager.

O Presidente tamén comenta a posibilidade de utilizar a deportistas galegos de referencia nos diferentes deportes de montaña para facer promoción e divulgación das nosas actividades.

4. Rogos e cuestións.

- Enrique Freixeiro pregunta polos proxectos de especial de relevancia, xa que hai algún membro do seu club pendente da resolución dos mesmos. O Presidente comenta que se lles enviará o convenio coa aprobación dos proxectos.
- Enrique Freixeiro tamén comenta que, de cara a poder contar cos clubs para a realización de actividades, sería adecuado burocratizar o menos posible os trámites.
- Alejandro López comenta que para non caer en conflicto de intereses, os membros da XD,con poder de decisión non percibirán remuneración, salvo o tema das dietas. Comenta ademáis que a EGAM é un organismo adxunto á presidencia, e polo tanto a súa directora asistirá as reunións da XD, pero sen ter poder de decisión política sobre os asuntos a debatir.
- Por último Alfonso Louro sinala a conveniencia de que haxa una boa coordinación entre todas as vogalías.

E, cando son ás 22:15horas , dase por rematada a reunión.

Asinado,
O Secretario Xeral da FGM
Carlos González Iglesias

Visto e prace,
O Presidenta da FGM
Alejandro López Sánchez

GONZALEZ IGLESIAS CARLOS - 34986472E

Firmado digitalmente por GONZALEZ IGLESIAS CARLOS - 34986472E
Fecha: 2024.06.28 11:37:38 +02'00'